



Que é a Rede Eusumo?

A Rede Eusumo é unha rede de colaboración impulsada pola Xunta de Galicia para o fomento e o desenvolvemento da economía social. Con ela procúrase o fomento do espírito emprendedor prestando apoio directo á creación e consolidación de emprego con base na economía social.

Quen forma parte da rede?

1. As asociacións de entidades de economía social
2. Administracións públicas: concellos, mancomunidades, deputacións
3. Asociacións de desenvolvemento rural e grupos de acción local
4. Cámaras de comercio, organizacións profesionais, empresariais e sindicais
5. Universidades
6. Asociacións, fundacións e outras entidades sen ánimo de lucro

Consulta a listaxe de socios da rede en
www.eusumo.gal



DL: C 272 - 2017

Súmate á Rede Eusumo

Cales son as vantaxes de pertencer a Rede Eusumo?



Colaboración en rede con outras entidades que teñen obxectivos semellantes.



Utilización dos diferentes centros da rede.



Acceso a diferentes apoios e incentivos.



Prioridade no aproveitamento de recursos e medios para o fomento da economía social.



Recursos didácticos e material divulgativo e documentación de apoio.



Difusión das actividades e fins da entidade.

Como adherirse a Rede Eusumo?



Para adherirse á rede hai que presentar unha solicitude a través da sede electrónica da Xunta de Galicia. (sede.xunta.es) xunto coa seguinte documentación:

1. Unha memoria explicativa na cal se identifique a entidade, se describa o seu obxecto social e os motivos polos que quere adherirse, as actividades realizadas para o fomento da economía social e medios que porá á disposición da rede.
2. Unha copia do documento que acredite a personalidade xurídica da entidade.
3. No caso de poñer á disposición da rede locais ou instalacións, unha declaración responsable sobre o cumprimento dos requisitos solicitados pola rede.

Unha vez aprobada a adhesión, esta formalízase cun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a entidade socia.

Que facemos para promover a economía social?



1. Difusión da economía social, promoción dos seus valores e divulgación das oportunidades de emprendemento que ofrece.
2. Promoción da economía social entre persoal docente, axentes de emprego e de emprendemento e outros colectivos interesados.
3. Formación presencial e en liña dirixida a persoas que queiran emprender ou a entidades xa constituídas para a mellora da súa competitividade.
4. Asesoramento e acompañamento para a posta en marcha e posterior consolidación de proxectos empresariais no ámbito da economía social.

Infórmate en:

info@eusumo.gal | www.eusumo.gal